

Xoves, 15 de febreiro de 2024

Núm. 33

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 /2/2024 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DO PLAN +XUVENTUDE DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2024

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE FEBREIRO DE 2024 POLO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DO PLAN +XUVENTUDE PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2024

BDNS (Identif.): 743621

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/743621>)

1. Entidades beneficiarias Serán destinatarias.— As asociacións xuvenís prestadoras de servizos dirixidos á mocidade, sen ánimo de lucro, non sometidas a ningún réxime asociativo específico e con sede social ou cunha delegación na provincia de Pontevedra. - Os grupos formados por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos no momento de presentar a súa solicitude para esta convocatoria, aínda que carezan de personalidade xurídica ao non estar constituídas como asociación, e que propoñan un proxecto de interese xeral e social (en diante “grupos informais”).

2. Obxecto.— As bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria de subvencións en réxime de concorrència competitiva coa finalidade de poñer en marcha iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2024. A convocatoria está dirixida a apoiar estas iniciativas, promovidas por persoas de entre 18 e 35 anos e asociacións xuvenís que desenvolvan proxectos que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario; contribúan ao apoderamento xuvenil, á formación en valores e á consecución de hábitos saudables; e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

3. Bases reguladoras.— As bases reguladoras foron aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno do 9 de febreiro de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), núm. 32, de 15 de febreiro de 2024.



Xoves, 15 de febreiro de 2024

Núm. 33

4. *Contía.*— A dotación é de cen mil (100.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.480.02. O importe máximo subvencionado por proxecto será de cinco mil (5.000,00) euros.

5. *Prazo de presentación de solicitudes.*— O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no BOPPO e na BDNS.

6. *Outros datos de interese.*— As asociacións xuvenís deberán acreditar a súa inscrición no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia, no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) ou en calquera outro rexistro oficial. Os grupos informais estarán compostos por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos. As persoas actuarán baixo unha denominación común de grupo, sen prexuízo da obriga de identificar individualmente cada un dos seus compoñentes; unha delas deberá asumir o papel de representante do grupo, para cumprir coas obrigas e deberes que, como beneficiario, lle corresponden ao grupo e, en consecuencia, a todas as persoas que o conforman. O 75 % das persoas que formen parte do grupo deberán estar empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra e reunir o requisito de idade no momento de presentar a solicitude. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, non se poderá modificar a composición do grupo. - Só se poderá presentar un proxecto por asociación ou grupo informal solicitante. - As iniciativas presentadas englobaranse nalgunha das seguintes áreas de actuación: - Iniciativa empresarial. - Vida saudable e loita contra a violencia e as condutas de risco. - Fomento da cultura en todas as súas áreas e da innovación, así como promoción dos sectores científico, tecnolóxico e dixital, e das ciencias xurídicas e das sociais. - Creación de consellos locais de xuventude e fomento do asociacionismo e do voluntariado xuvenil. - Promoción do desenvolvemento e dinamización do medio rural: a loita contra a soidade non desexada e proxectos que teñan impacto no rural desde a perspectiva de reto demográfico. - Protección do medio e loita contra o cambio climático.

Pontevedra, 12/02/2024.

O presidente, Luis López Diéguez.

